

## Se estudas ou tes fillos en idade escolar, podes percibir a axuda por estudos

Todos os empregados/as en activo temos dereito a:

### 1.- Unhas percepcións para estudos propios:

Estudos universitarios:	<b>21,41 euros</b> por crédito
Idiomas realizados en centros homologados:	Gasto xustificado ata <b>555,83 euros</b> por curso

Sempre se ha presentar o documento que acredite os estudos aprobados.

### 2.- Unha percepción por fillo/a entre 0 e 23 anos de 638,46 euros:

- Hase de presentar a solicitude no primeiro ano de gardaría ou colexio, sen ser necesaria a posterior presentación anual.
- Tense dereito á percepción sempre que estean escolarizados, non traballen ou ben que o seu salario anual sexa inferior a **6.552 euros**.
- En caso de minusvalía acreditada, percibiranse **1.276,92 euros** ata os 26 anos.
- No caso de que ambos os pais traballen na empresa, percibirán a metade cada un.

Os empregados que no mes de novembro estean en activo percibirán a cantidade íntegra da axuda escolar solicitada na nómina dese mes. Por todo iso, lembramos aos que solicitan a axuda escolar para os seus estudos e aos que o fan por primeira vez para os estudos dos seus fillos que **deben solicitara antes do 31 de outubro**. As persoas en excedencia por coidado dun menor tamén teñen dereito a percibir a axuda escolar de fillos, que se lles aboará cando reingresen.

Os impresos podédelos encontrar na *INTRANET* ⇨ *PEOPLE* ⇨ *SOCIALES* ⇨ *AYUDA ESCOLAR*. Os modelos son o ME-14469 para os estudos propios e o ME-14470 para os estudos de fillos. As solicitudes envíanse a Relacións Sociais, CPI: 3534-0724.

Outubro de 2009

**Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > [http:// www.comfia.net/bs/](http://www.comfia.net/bs/)**

<b>Boletín de afiliación</b>	Enviar a ➤	<b>3532-0002 CC.OO.</b>	Sinatura
Nome .....	Ofi.:		
Domicilio .....			
Poboación .....	C.P.:		
Cta. de cargo .....			
		DNI	Data / /

Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: <http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html>. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezcan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (<http://www.ccoo.es>) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12, 28010, Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Se tes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a [lopd@cco.es](mailto:lopd@cco.es) ou chamar por teléfono ao 917028077.